- algunhas sesións cadrarán con días non lectivos (festividades, pontes,...), actividades extraescolares do alumnado, actividades do centro (Semana Cultural, conferencias,...) ou posibles imprevistos do profesor,
- 6 sesións corresponderanse con sesións de avaliación (2 controis por trimestre) e 1 sesión para a recuperación final de xuño,
- hai que planificar varias sesións de repaso previas a algún dos controis (dependerá do nivel académico do alumnado), avaliación inicial e sesións de axuste da materia (o alumnado pode necesitar máis tempo do previsto para entender un concepto), ou sesións extra adicadas a algún tema que resultou de especial interese para o alumnado e que non estaba contemplado na programación, ou un tema titorial (para resolver algún tipo de conflictividade que puidera ter xurdido na aula).

Por iso, unha temporalización axeitada, para tentar cumprir co previsto na programación é de 80 sesións lectivas durante o curso académico.

Número de sesión para as que se programa: 80

Número de estándares: 89

TC: traballo en casa (continuación do traballo de aula)

Estándar de aprendizaxe (E)	Temporalización (nº sesións)			Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación (P/I)
	1AV	2AV	3AV		
Bloque 1. A actividade científica					
Presentación da materia, repaso de conceptos previos, avaliación inicial.	2				Observación en clase Proba escrita (de considerarse necesario)
FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes áreas de coñecemento.	0,5			Recoñece feitos históricos relevantes nos que se viu implicada a colaboración de científicos.	Observación en clase Control de avaliación
FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico.	0,5 + TC			Interpreta unha noticia ou un artigo de ciencia e é capaz de identificar as características do método científico.	Proxecto individual (informe)
FQB1.2.1. Distingue entre hipóteses, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico.	0,5			Explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico.	Control de avaliación
FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última.	0,5			Diferenza entre magnitudes escalares e vectoriais.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB1.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros.	1			Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións ós dous membros.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB1.5.1. Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.	0,5			Calcula o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB1.6.1. Calcula e expresa correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas.	0,5			Emprega correctamente o número de cifras significativas nun cálculo sinxelo.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB1.7.1. Representa graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas inferindo, de ser o caso, se se trata dunha relación lineal, cuadrática ou de proporcionalidade inversa, e deducindo a fórmula.	1			Representa graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas inferindo, de ser o caso, se se trata dunha relación lineal, cuadrática ou de proporcionalidade inversa.	Controles de traballo diario Control de avaliación

FQB1.8.1. Elabora e defende un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as TIC.	1 + TC			Elabora e defende un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as TIC.	Proxecto individual Observación en clase
FQB1.9.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.	1 + TC			Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.	Práctica de laboratorio (observación e informe da práctica)
FQB1.9.2. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica utilizando as TIC.	1 + TC			Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica utilizando as TIC.	Proxecto de grupo (informe)
Bloque 2. A materia					
FQB2.1.1. Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes.		1,5		Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB2.1.2. Utiliza as TIC ou aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos.		0,5		Utiliza as TIC ou aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos.	Observación en clase
FQB2.2.1. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico.		1,5		Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB2.2.2. Distingue entre metais, non metais, semimetais e gases nobres, e xustifica esta clasificación en función da súa configuración electrónica.		0,5		Distingue entre metais, non metais, semimetais e gases nobres, e xustifica esta clasificación en función da súa configuración electrónica.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB2.3.1. Escribe o nome e o símbolo dos elementos químicos, e sitúalos na táboa periódica.	1 + TC			Escribe o nome e o símbolo dos elementos químicos dos grupos principais, e os metais de transición máis coñecidos.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB2.4.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes.			1	Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula de compostos iónicos e covalentes sinxelos.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB2.4.2. Interpreta a información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto			0,5	Interpreta a información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo se trate de moléculas ou redes cristalinas.	Control de avaliación

segundo se trate de moléculas ou redes cristalinas.					
FQB2.5.1. Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou as moléculas.			0,5	Coñece as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas.	Control de avaliación
FQB2.5.2. Explica a natureza do enlace metálico utilizando a teoría dos electróns libres, e relaciónaa coas propiedades características dos metais.			0,5	Explica a natureza do enlace metálico utilizando a teoría dos electróns libres, e relaciónaa coas propiedades características dos metais.	Control de avaliación
FQB2.5.3. Deseña e realiza ensaios de laboratorio que permitan deducir o tipo de enlace presente nunha substancia descoñecida.			1	Deseña e realiza ensaios básicos de laboratorio que permitan deducir o tipo de enlace presente nunha substancia descoñecida.	Práctica de laboratorio (observación e informe)
FQB2.6.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC.			3	Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB2.7.1. Xustifica a importancia das forzas intermoleculares en substancias de interese biolóxico.			0,5	Coñece a importancia das forzas intermoleculares en substancias de interese biolóxico.	Control de avaliación
FQB2.7.2. Relaciona a intensidade e o tipo das forzas intermoleculares co estado físico e os puntos de fusión e ebulición das substancias covalentes moleculares, interpretando gráficos ou táboas que conteñan os datos necesarios.			0,5	Diferenza os tipos de forzas intermoleculares que afectan ó estado físico e ós puntos de fusión e ebulición das substancias covalentes moleculares.	Control de avaliación
FQB2.8.1. Explica os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos.			0,5	Coñece os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos.	Control de avaliación
FQB2.8.2. Analiza as formas alotrópicas do carbono, relacionando a estrutura coas propiedades.			0,5	Coñece as formas alotrópicas do carbono e algunhas das súas propiedades.	Control de avaliación
FQB2.9.1. Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida.			1	Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB2.9.2. Deduce, a partir de modelos moleculares, as fórmulas usadas na representación de hidrocarburos.			1	Elabora modelos básicos de hidrocarburos a partir de modelos moleculares.	Observación en clase Control de avaliación

FQB2.9.3. Describe as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese.			0,5	Describe as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese.	Observación en clase (debate) Control de avaliación
FQB2.10.1. Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.			2,5	Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.	Controles de traballo diario Control de avaliación
Bloque 3. Os cambios					
FQB3.1.1. Interpreta reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións, e deduce a lei de conservación da masa.			1	Coñece a teoría de colisións e emprega a lei de conservación da masa.	Control de avaliación
FQB3.2.1. Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores.			1	Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB3.2.2. Analiza o efecto dos factores que afectan a velocidade dunha reacción química, sexa a través de experiencias de laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas nas que a manipulación das variables permita extraer conclusións.			1	Analiza o efecto dos factores que afectan a velocidade dunha reacción química, sexa a través de experiencias de laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas nas que a manipulación das variables permita extraer conclusións.	Observación en clase ou práctica de laboratorio
FQB3.3.1. Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada.			0,5	Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada.	Control de avaliación
FQB3.4.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.			1,5	Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB3.5.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes.			0,5	Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes.	Control de avaliación
FQB3.5.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.			2,5	Resolve problemas sinxelos, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.	Controles de traballo diario Control de avaliación

FQB3.6.1. Utiliza a teoría de Arrhenius para describir o comportamento químico de ácidos e bases.			0,5	Utiliza a teoría de Arrhenius para describir o comportamento químico de ácidos e bases.	Control de avaliación
FQB3.6.2. Establece o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de pH.			0,5	Establece o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de pH.	Control de avaliación
FQB3.7.1. Deseña e describe o procedemento de realización dunha volumetría de neutralización entre un ácido forte e unha base forte, e interpreta os resultados.			1 + TC	Describe o procedemento de realización dunha volumetría de neutralización entre un ácido forte e unha base forte.	Observación en clase (informe individual)
FQB3.7.2. Planifica unha experiencia e describe o procedemento para seguir no laboratorio que demostre que nas reaccións de combustión se produce dióxido de carbono mediante a detección deste gas.			1 + TC	Planifica unha experiencia e describe o procedemento para seguir no laboratorio que demostre que nas reaccións de combustión se produce dióxido de carbono mediante a detección deste gas.	Proxecto individual (informe)
FQB3.7.3. Realiza algunhas experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión ou neutralización.			1	Realiza algunhas experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión ou neutralización.	Práctica de laboratorio (observación e informe)
FQB3.8.1. Describe as reaccións de síntese industrial do amoníaco e do ácido sulfúrico, así como os usos destas substancias na industria química.			0,4	Describe as reaccións de síntese industrial do amoníaco e do ácido sulfúrico, así como os usos destas substancias na industria química.	Control de avaliación
FQB3.8.2. Valora a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular.			0,3	Valora a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular.	Observación en clase (debate)
FQB3.8.3. Describe casos concretos de reaccións de neutralización de importancia biolóxica e industrial.			0,3	Coñece algún caso concreto de reaccións de neutralización de importancia biolóxica e industrial.	Control de avaliación
Bloque 4. O movemento e as forzas					
FQB4.1.1. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia.	1			Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB4.2.1. Clasifica tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.	0,5			Clasifica tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB4.2.2. Xustifica a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente	0,5			Coñece as principais características do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA).	Control de avaliación

acelerado (MRUA), e raza o concepto de velocidade instantánea.					
FQB4.3.1. Deduce as expresións matemáticas que relacionan as variables nos movementos rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), así como as relacións entre as magnitudes lineais e angulares.	1			Coñece as expresións matemáticas que relacionan as variables nos movementos rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), así como as relacións entre as magnitudes lineais e angulares.	Control de avaliación
FQB4.4.1. Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do Sistema Internacional.	3			Resolve problemas básicos de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do Sistema Internacional.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB4.4.2. Determina tempos e distancias de freada de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada.	0,5			Determina tempos e distancias de freada de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada.	Control de avaliación
FQB4.4.3. Argumenta a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do movemento circular uniforme.	0,5			Coñece a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do movemento circular uniforme.	Control de avaliación
FQB4.5.1. Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.	1			Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.	Observación en clase Control de avaliación
FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.	1 + TC			Realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.	Práctica de laboratorio (observación e informe)
FQB4.6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo.	1			Identifica as forzas implicadas nalgúns fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo.	Control de avaliación
FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.	1			Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.	Controles de traballo diario Control de avaliación

FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	2			Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración no caso do plano horizontal.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.	0,5			Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.	Control de avaliación
FQB4.8.2. Deduce a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei.	0,5			Interpreta a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei.	Control de avaliación
FQB4.8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos.	0,5			Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos.	Control de avaliación
FQB4.9.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.	2			Comprende o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB4.9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.	1			Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.	Control de avaliación
FQB4.10.1. Razona o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais.	0,5			Coñece o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais.	Control de avaliación
FQB4.11.1. Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran.	1			Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran.	Observación en clase (debate) Control de avaliación
FQB4.12.1. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante.		0,5		Coñece a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante.	Observación en clase Control de avaliación
FQB4.12.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que		1,5		Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia; compara os resultados e extrae conclusións.	Controles de traballo diario Control de avaliación

se apoia; compara os resultados e extrae conclusións.					
FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.		0,5		Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.	Observación en clase Control de avaliación
FQB4.13.2. Explica o abastecemento de auga potable, o deseño dunha presa e as aplicacións do sifón, utilizando o principio fundamental da hidrostática.		0,5		Coñece o principio fundamental da hidrostática e relaciónao co sistema de abastecemento de auga potable e o deseño dunha presa.	Control de avaliación
FQB4.13.3. Resolve problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.		2		Resolve problemas básicos relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB4.13.4. Analiza aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica, o elevador, ou a dirección e os freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos.		1		Coñece aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica, o elevador, ou a dirección e os freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos.	Observación en clase Control de avaliación
FQB4.13.5. Predí a maior ou menor flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes, e verifica experimentalmente nalgún caso.		1,5 + TC		Realiza cálculos sobre a flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes, e verifica experimentalmente nalgún caso.	Práctica de laboratorio (observación e informe) Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB4.14.1. Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes.		1		Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes.	Observación en clase
FQB4.14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor.		0,5		Coñece e experimenta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor.	Control de avaliación
FQB4.14.3. Describe o funcionamento básico de barómetros e manómetros, e xustifica a súa utilidade en diversas aplicacións prácticas.		0,4		Coñece a utilidade de barómetros e manómetros.	Control de avaliación

FQB4.15.1. Relaciona os fenómenos atmosféricos do vento e a formación de frentes coa diferenza de presións atmosféricas entre distintas zonas.		0,3		Relaciona certos fenómenos atmosféricos coa diferenza de presións atmosféricas entre distintas zonas.	Control de avaliación
FQB4.15.2. Interpreta os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nestes.		0,3		Interpreta os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nestes.	Control de avaliación
Bloque 5. A enerxía					
FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.		2		Resolve problemas sinxelos de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB5.1.2. Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.		0,5		Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.	Control de avaliación
FQB5.2.1. Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico.		0,5		Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía.	Control de avaliación
FQB5.2.2. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo.		0,5		Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo.	Control de avaliación
FQB5.3.1. Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.		1		Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza en situacións en que a forza é paralela ó desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.	Control de avaliación
FQB5.4.1. Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar graficamente estas transformacións.		2		Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar graficamente estas transformacións.	Controles de traballo diario Control de avaliación
FQB5.4.2. Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico.		1		Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico, en casos nos que non haxa cambios de estado.	Controles de traballo diario Control de avaliación

FQB5.4.3. Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente.		0,5		Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente.	Control de avaliación
FQB5.4.4. Determina experimentalmente calores específicas e calores latentes de substancias mediante un calorímetro, realizando os cálculos necesarios a partir dos datos empíricos obtidos.		1		Participa na realización de experimentos nos que se determinen calores específicos ou calores latentes de substancias.	Práctica de laboratorio (observación e informe)
FQB5.5.1. Explica ou interpreta, mediante ilustracións ou a partir delas, o fundamento do funcionamento do motor de explosión.		0,5		Explica, a partir de ilustracións, o fundamento do funcionamento do motor de explosión.	Control de avaliación
FQB5.5.2. Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC.		TC		Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC.	Proxecto individual/grupo (informe e presentación)
FQB5.6.1. Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica.		0,5		Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica.	Control de avaliación
FQB5.6.2. Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas, e expón os resultados empregando as TIC.		1		Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas, e expón os resultados empregando as TIC.	Observación en clase

Notas:

- **Inda que na programación estipulouse nun primeiro momento que se impartirían os contidos referentes á Química antes dos incluídos na Física, pola maior complexidade outorgada a esta última materia por parte do alumnado e para que no final do curso non se xunten as probas de Física coa carga de traballo que acostuma a ir asociada con esas datas, decidiuse comezar por esta parte da materia e deixar a Química para a segunda metade do curso.**
- Cando se pida un informe a un alumno, dito informe poderá ser escrito con formato de presentación tipo Power Point, audiovisual ou en varios formatos segundo decida o profesor, dependendo do proxecto e/ou do alumnado.
- En principio, proxectos só poderán ser individuais dadas as características especiais deste curso escolar en cumprimento das normas para evitar contaxios dunha posible infección por SARS-CoV-2.
- Na cualificación final terase en conta a actitude fronte ao traballo do alumno na clase e a toma de apuntes cando así o indique a profesora. Esta medida estará presente na cualificación de tódolos indicadores, inda que non se mencione.

- As prácticas de laboratorio, na meirande parte dos casos, substituiranse por demostracións de aula por parte do profesorado ou dun so alumno ou alumna en cumprimento das restricións establecidas para evitar contaxios (manter distancias de seguridade, evitar o uso do mesmo material por máis dun alumno/a...). Tamén poderase empregar o laboratorio virtual.
- No caso de facer proxectos de grupo, cada alumno deberá utilizar o seu propio material ou terá que desinfectalo antes de proceder ao seu manexo.
- Se nalgún dos estándares non se realizan os controis de traballo diario ou algún dos proxectos ou traballos pedidos ao alumnado, a súa cualificación recaerá no control de avaliación no que se consideren os correspondentes estándares.
- De xeito voluntario, os alumnos poderán realizar algún proxecto individual que será valorado convenientemente en función do grao de dificultade que presente e da explicación do fundamento científico que se lle aplique.

4.4 Contidos distribuídos en unidades didácticas.

UNIDADE 1. Magnitudes e unidades

- A investigación científica
- As magnitudes
- A medida e o seu erro
- A análise de datos

UNIDADE 2. Átomos e sistema periódico

- As partículas do átomo
- Modelos atómicos
- Distribución dos electróns nun átomo
- O sistema periódico dos elementos
- Propiedades periódicas dos elementos

UNIDADE 3. Enlace químico

- Enlace químico nas substancias
- Tipos de enlace entre átomos
- Enlace iónico
- Enlace covalente
- Enlace metálico
- Enlaces con moléculas
- Propiedades das substancias e enlace

UNIDADE 4. Química do carbono

- Os compostos do carbono
- Os hidrocarburos
- Compostos osixenados
- Compostos nitroxenados
- Compostos orgánicos de interese biolóxico

UNIDADE 5. Reaccións químicas

- A reacción química: como se produce
- A enerxía das reaccións químicas
- A velocidade das reaccións químicas
- Medida da cantidade de substancia. O mol
- Cálculos nas reaccións químicas

UNIDADE 6. Exemplos de reaccións químicas

- Os ácidos e as bases
- As reaccións de combustión
- As reaccións de síntese

UNIDADE 7. O movemento

- Magnitudes que describen o movemento
- A velocidade
- Movemento rectilíneo e uniforme (MRU)
- A aceleración
- Movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA)
- Movemento circular uniforme (MCU)

UNIDADE 8. As forzas

- Forzas que actúan sobre os corpos
- Leis de Newton da dinámica
- As forzas e o movemento

UNIDADE 9. Forzas gravitatorias

- A forza gravitatoria
- O peso e a aceleración da gravidade
- Movemento de planetas e satélites

UNIDADE 10. Forzas e presións en fluídos

- A presión
- A presión hidrostática
- A presión atmosférica
- Propagación da presión en fluídos
- Forza de empuxe en corpos mergullados
- Física da atmosfera

UNIDADE 11. Traballo e enerxía

- A enerxía
- Que é o traballo
- O traballo e a enerxía mecánica
- A conservación da enerxía mecánica
- Potencia e rendemento

UNIDADE 12. Enerxía e calor

- A calor
- Efectos da calor
- Transformación entre calor e traballo

4.5 Temporalización e secuenciación das unidades didácticas.

A temporalización poderá variar en función das dificultades que podamos atopar este curso pola excepcionalidade da situación actual. En principio a temporalización farase:

1ª Avaliación:

UD 1. Magnitudes e unidades	(6 sesións)
UD 7. O movemento	(11 sesións)
UD 8. As forzas+UD 9. Forzas gravitatorias	(11 sesións)

2ª Avaliación:

UD 10. Forzas en fluídos	(12 sesións)
UD 11. Traballo e enerxía +UD 12. Enerxía e calor	(10 sesións)
UD 2. Átomos e sistema periódico	(7 sesións)

3ª Avaliación:

UD 3. Enlace químico	(6 sesións)
UD 4. Química do carbono	(6 sesións)
UD 5. Reaccións químicas	(8 sesións)
UD 6. Exemplos de reaccións químicas	(5 sesións)

5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

A metodoloxía ha de estar orientada a conseguir que o alumnado asimile de xeito significativo os contidos da materia. Para iso empregárase a concepción construtivista da aprendizaxe. Este xeito de aprendizaxe supón que o profesor non é un mero transmisor de coñecementos mentres que o alumnado queda relegado a un simple suxeito pasivo, senón que se ha de buscar o equilibrio entre ambos para que o alumnado participe tamén activamente. Isto non significa que non se poida empregar o modelo clásico de transmisión verbal de coñecementos en certas circunstancias e momentos.

Para acadar que o alumnado aprenda de xeito construtivista, poden terse en conta algunhas estratexias como:

- i) A memoria do estudante entende mellor aquilo que relaciona con aspectos da vida diaria que pode ver.
- ii) O alumnado xa dispón de multitude de datos, co cal é preciso axudarlles a relacionar os novos conceptos cos que xa coñecen.
- iii) Os contidos deben organizarse e secuenciarse atendendo a dous criterios importantes:
 - A orde lóxica de aprendizaxe, é dicir, escalonándose en orde á súa dificultade e á relación que exista entre eles, procurando ir do máis intuitivo ó máis abstracto.
 - A orde psicolóxica, para o cal se debe ter en conta o tipo de alumnado, os seus intereses,...

6. Materiais e recursos didácticos que se van a utilizar.

Entre os recursos materiais pódense citar:

- Libros de texto e materiais de apoio.

Os libros de texto elixidos son:

2º ESO: Física e Química. Ed. Anaya

3º ESO: Física e Química. Ed. Anaya

4º ESO: Física e Química. Ed. Santillana (Serie Investiga)

- Uso de distintas fontes de información: xornais, revistas, libros, Internet, etc., xa que o alumno debe desenvolver a capacidade de aprender a aprender.
- Aula de Informática, onde o profesor ensinará estratexias tanto de procura como de procesamento da información.
- **Aula virtual**, onde se colgarán: unidades didácticas, exercicios, prácticas de laboratorio, vídeos explicativos, imaxes e, no suposto de que haxa un confinamento, exames.
- Biblioteca do Centro, onde o alumno poida estudar e atopar información para a resolución de actividades.
- Diferentes enciclopedias virtuais ou en CD como a enciclopedia Encarta.
- Vídeos, CD didácticos e películas relacionadas coas diferentes Unidades, entre os que cabe mencionar a Colección Ancora Audiovisual.
- Laboratorio de Física e Química e de Bioloxía e Xeoloxía, onde os alumnos poidan realizar as diferentes prácticas que lles propoña o seu profesor.
- Tamén se pode utilizar a aula de audiovisuais, cando o profesor crea oportuno ver un vídeo didáctico ou unha película relacionada coa Unidade correspondente.
- Plataforma cisco webex ou outra similar para comunicación cos alumnos e pais, e para impartir clases en caso de confinamento.
- Teléfono para comunicación con pais, alumnos, profesores...
- Correo electrónico para comunicación con pais, alumnos e profesores.
- Abalar-móbil para comunicación coas familias.

Os espazos empregados serán: aula ordinaria, laboratorio, aula de audiovisuais, aula de informática e algunha saída a visitar algunha empresa ou entidade colaboradora (si se dispón dos recursos económicos para os desprazamentos pertinentes).

7. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Entendemos a avaliación como o conxunto de procedementos que nos proporcionan información relevante para adoptar decisións respecto ao proceso de ensino-aprendizaxe. O obxectivo final do proceso avaliador é, polo tanto, o de emitir xuízos que axuden á toma de decisións.

A avaliación constitúe, polo tanto, unha actitude continua e integrada no proceso de ensino-aprendizaxe cuxo fin principal é orientar a dirección das actuacións e adecuar o proceso de

ensino ao proceso real de aprendizaxe dos alumnos. Non debe reducirse só a actuacións illadas de proba ou control, senón que debe estar integrada na actividade diaria da aula.

7.1 Criterios ordinarios.

Contémplanse tres posibles escenarios en función da posibilidade dun confinamento (avaliación presencial, semipresencial e a distancia):

Avaliación presencial:

Os instrumentos empregados para realizar a avaliación das aprendizaxes dos alumnos son: observación dos alumnos en clase (en debates, mantemento do caderno de apuntes, actitude,...), probas escritas (controis de traballo diario e controis de avaliación), prácticas de laboratorio (observación do traballo realizado, informes, presentacións) e traballos e investigacións (si os houbera) nos que se terían en conta: os experimentos realizados voluntariamente, as maquetas presentadas, os informes e as presentacións dos resultados nos medios que se requirise (tipo PowerPoint, vídeo, fotos,...).

- **Observación dos alumnos na clase** (tanto na aula de referencia como no laboratorio ou en calquera actividade realizada no centro ou fora del): resulta fundamental principalmente para valorar a adquisición de procedementos e actitudes. Suporá un 20% da nota final.

Cada alumno poderá acadar ese 20% da nota co traballo diario na aula e na casa, respondendo cuestións na clase, realizando traballos que deberá expor na aula e facendo experimentos ou proxectos científicos que deben ser presentados coa explicación científica pertinente. Sobre eses dous puntos teranse en conta os seguintes aspectos:

- Cada traballo exposto na clase ou experimento que o alumno presente na aula poderá acadar ata o 10% ou, *moi excepcionalmente*, dependendo da categoría do proxecto, ata un 20% da nota, é dicir, se se trata dun proxecto que abrangue varias semanas ou todo o trimestre e ten unha adecuada: exposición, explicación en base ao método científico mediante presentación power-point ou similar, presenta gran dificultade, contén informe de práctica.... En todo caso, o alumnado será informado da porcentaxe de influencia sobre a nota que terá o proxecto.
- Cada positivo obtido valorarase con +0,2 puntos, así mesmo cada un dos negativos con -0,2 puntos.
- Cada falta leve debida a un mal comportamento en clase (cara o profesor, os compañeiros, o material de laboratorio,...) ou pasividade (non atender, non tomar apuntes,...): -0,2 puntos.
- Cada falta de orde durante a clase: -0,5 puntos.

- Non traer o material necesario e indicado polo profesor (libro, caderno, fotocopias, calculadora,...): -0,1 punto.
- Ter o caderno en mal estado (mala presentación, caligrafía, orde, faltas de ortografía,...): ata -1 punto dependendo de como estea ao final do trimestre.
- Traballos copiados: Penalizarase cualificando o traballo con 0 puntos a todos os alumnos implicados (tanto os que copiaron como os que se deixaron copiar).
- Non traer as tarefas feitas da casa: -0,2 puntos.
- Non responder correctamente ás cuestións formuladas polo profesor na aula cando se ten avisado o día anterior ou en días anteriores que se vai a preguntar e poñer nota: -0,2 puntos.
- Se o alumno ten: boa actitude, comportamento na clase adecuado, realiza de forma regular as tarefas na clase e as que se mandan para a casa, atende e contesta debidamente ás cuestións formuladas durante a sesión, presenta ben o caderno, ten interese na materia e non acada eses dous puntos, poderase considerar darlle toda ou parte da puntuación relativa a este apartado en función das características que presente.
- Cada alumno non poderá acadar máis dos dous puntos, nin menos de cero puntos no caso dun comportamento moi malo.

* Os puntos negativos ou positivos son acumulables ao seguinte trimestre se excederan o valor máximo para acadar o 20% da puntuación.

* Nos informes de prácticas ou demostracións de clase os alumnos deberán incluír: título, obxectivo, material, reactivos, procedemento, cálculos, observacións e conclusións, penalizándose a non inclusión dalgún destes aspectos.

* Nos traballos entregados valorarase a presentación (limpeza, orde, respecto da marxes), a expresión (caligrafía, ortografía, corrección sintáctica), os aspectos científicos e técnicos amosados polo alumno, así como a puntualidade na entrega dos traballos segundo o calendario establecido polo profesor. Os aspectos de presentación e expresión poden supoñer ata un 50% da cualificación do traballo.

* Os traballos entregados fora de prazo sen xustificación acreditada (informe médico, ou outra circunstancia grave que imposibilite ao alumno) terán unha penalización dun 20% por cada día de atraso, non admitíndose traballos que se demoren máis de 5 días lectivos dende a data establecida para a súa recollida (ou 7 días naturais).

* Nos proxectos valoraranse aspectos técnicos, dificultade de realización así como aspectos estéticos na presentación.

* Para os alumnos que teñan que ir á avaliación extraordinaria, só se terá en conta a proba escrita ou tamén, se fora o caso, as tarefas que manda o profesor para realizar durante o tempo que a docente establecera ata o día da proba extraordinaria.

- **Probas escritas:** moi importantes á hora de medir a adquisición de conceptos e procedementos, serán escalonadas en dificultade. A cualificación farase de 0 a 10 puntos. Suporá un 80% da nota final. Estas probas serán fixadas con suficiente antelación para que os alumnos coñezan as datas de realización. Está previsto realizar polo menos dúas probas, unha cara a metade da avaliación e outra ao final. En todo caso, como mínimo farase unha proba por trimestre. Estas probas serán avaliadas da seguinte maneira:

- No caso de realizar dúas probas por avaliación:

Para a materia de Física e Química: Na primeira avaliarase a materia impartida ata a data do exame e terá un peso sobre a nota final das probas escritas dun 30%. Na segunda proba valorarase a totalidade da materia impartida na avaliación (incluída a que xa fora cualificada no primeiro exame) e terá un peso do 70% das probas escritas.

A cualificación numérica que se lle asignará aos alumnos **en cada avaliación** será **redondeada** ao valor numérico enteiro superior se na media da avaliación o alumno obtivera un valor decimal igual ou maior ao 75%. No caso contrario a puntuación redondearase ao valor numérico enteiro calculado (exemplo: a puntuación de 4,75 redondea a 5 pero a de 4,5 redondea a 4).

Nas probas escritas serán tidas en conta as seguintes consideracións:

- Copiar nun exame usando calquera tipo de procedemento ou mecanismo (textos escritos, móbiles,...) suporá a retirada do exame aos alumnos implicados, e a cualificación de 0 puntos na proba escrita.

- Copiar doutro alumno suporá a retirada do exame e a cualificación da proba escrita con 0 puntos tanto ao alumno que copia como ao alumno do que está a copiar, se este último se deixara copiar de xeito voluntario.

- Na resolución das cuestións da proba escrita nas que se pida razoar a resposta, cualificarase cun 0 se non se razoa ou se se emprega o propio enunciado como pretensión de razoamento.

- Os erros de cálculo na resolución dun exercicio suporán unha penalización entre o 20 e o 30% (dependendo da gravidade do erro) do valor establecido para o mesmo (Ex. $m = 3 \cdot 4/2 = 12$ kg).
- Os erros na utilización de unidades ou a omisión delas penalizarase con 0.2 puntos por cada erro. (Ex. $m = 5$; $V = 3$ s).
- Na cualificación das probas escritas, así como en calquera traballo presentado (cualificados de 0 a 10 puntos) poderán descontarse ata 1 punto por aspectos formais como: presentación (limpeza, orde, respecto das marxes) e expresión (caligrafía, ortografía, corrección sintáctica).
- Será valorado positivamente o plantexamento dos problemas: que o alumno coloque ordenadamente os datos do enunciado, que realice os cambios de unidades pertinentes, así como a inclusión de diagramas, debuxos, esquemas e razoamentos,... que axuden á resolución do exercicio.
- Neste apartado incluíranse tamén os informes de prácticas nos que os alumnos deberán incluír: título, obxectivo, material, reactivos, procedemento, cálculos, observacións e conclusións, penalizándose a non inclusión dalgún destes aspectos que poderá supor ata un máximo dun 5% mais na puntuación final.

- Respecto das prácticas de laboratorio teranse en conta os seguintes aspectos:

- a) Dado as especiais características dun laboratorio de Física e Química no que hai materiais delicados e substancias potencialmente perigosas, poderanse excluír das prácticas aqueles alumnos que amosen un comportamento indebido durante as clases na aula convencional por continuas chamadas de atención ou por faltas de orde. Se algún alumno non respecta as normas dunha aula convencional, non será fiable nunha aula na que o respecto ás normas debe ser exhaustivo por motivos de seguridade mínima nun laboratorio, tanto para o propio alumno, como para os compañeiros, o profesor e as instalacións.
- b) Se algún alumno amosa un comportamento indebido que infrinxa as normas básicas de laboratorio como falta de respecto cara ó material ou aos compañeiros (por exemplo, empregando os frascos lavadores para lanzar auga ós compañeiros, correndo polos corredores do laboratorio,..) poderá ser expulsado do laboratorio por motivos de seguridade básica.
- c) Segundo as características do alumnado poderá ser necesario pasar un exame teórico previo a realización das prácticas. En dito exame, os alumnos deberán amosar uns coñecementos

mínimos das normas de seguridade e do nome e usos do material que se emprega no laboratorio.

Unha vez calculada a cualificación final do alumno, considerarase que este acada unha avaliación positiva e, polo tanto, aprobada, se dita cualificación resulta ser 5 ou máis de 5 nunha escala de 0 a 10 puntos.

Para o **cálculo da nota na avaliación ordinaria** teranse en conta dúas posibilidades:

- A nota final será a media aritmética dos tres trimestres para aqueles alumnos que superen as tres avaliacións parciais.

$$\text{Nota final} = (\text{nota } 1^{\text{a}} \text{ av.} + \text{nota } 2^{\text{a}} \text{ av.} + \text{nota } 3^{\text{a}} \text{ av.}) / 3$$

- Alumnos cunha ou dúas avaliacións negativas, pero con nota superior a 3,5 en cada unha delas: se ao calcular a nota final segundo o criterio establecido, o resultado fora 5 ou máis de 5, o alumno superaría a materia na proba ordinaria. Excepcionalmente permitiríasele, se o profesor o considera oportuno e o alumno quere, repetir o exame da avaliación con peor cualificación para tentar subir nota, aínda que a nota final da correspondente avaliación, (se fora superior a 5 puntos) será calculada da seguinte maneira:

(a) **Nota final (F-Q)=((Puntuación no exame de recuperación + 5)/2). 0,8 + nota observación . 0,2**

O 20% na nota de observación obtense usando os instrumentos de observación para o alumno en clase durante todo o curso cos aspectos tal e como foron comentados ao inicio desta epígrafe de instrumentos e criterios de cualificación.

- Alumnos cunha ou dúas avaliacións negativas, pero con nota inferior a 3,5. Deberán recuperar a materia dese ou deses trimestres. Neste caso a nota obtida na proba escrita, se fose superior a 5 puntos, será calculada utilizando a fórmula anterior (a).
- Alumnos con tres avaliacións negativas. Poderán tentar aprobar examinándose da materia de todo o curso, utilizando os criterios anteriores para o cálculo da puntuación final.

Avaliación semipresencial e avaliación a distancia:

Sempre que sexa posible, realizaranse as probas escritas de forma presencial coas consideracións detalladas no punto anterior.

No caso de que a avaliación presencial non fose posible, utilizaríase a aula virtual para realizar as probas escritas que terían o mesmo peso na puntuación do trimestre como se describiu no apartado anterior.

Así mesmo, para conseguir o 20% restante da nota de avaliación, teríase en conta: que o alumno se conecte ás clases mediante a plataforma webex ou similar (restando 0,25 puntos dese 20% ou 30% por cada falta á clase non xustificada), a realización das tarefas encomendadas a través da aula virtual e a correcta resposta ás cuestións que plantexa a profesora a través da videoconferencia. Cada resposta oral mal contestada restará 0,1 puntos e cada tarefa non entregada resta 0,25. O alumno poderá compensar en parte as puntuacións negativas relativas a esta porcentaxe da nota coa realización dalgún traballo escrito. Se o estudante se conecta sempre ás clases telemáticas, realiza as tarefas encomendadas de forma regular, e habitualmente responde de forma correcta ás cuestións que lle plantexa o docente, acadará eses dous (tres) puntos restantes da nota final.

7.2 Probas extraordinarias.

Os alumnos que non acaden unha avaliación positiva na proba ordinaria, deberán realizar as actividades propostas polo departamento de Física e Química ata a data do exame extraordinario, encamiñadas á preparación desta proba.

Realizarase unha única proba por nivel no día e hora fixados, e tratará sobre os contidos mínimos da programación.

Os criterios de cualificación da proba serán os seguintes:

- O exame cualificarase de 0 a 10 puntos.
- Considerarase aprobada a materia se o alumno acada unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. Calquera nota inferior a 5 puntos será considerada insuficiente para superar a materia.
- Se a nota é inferior a 5 puntos, a cualificación numérica final será a mesma que a obtida no exame, e se non fose un número enteiro redondearase ao factor numérico enteiro correspondente.
- No caso de ter unha nota igual ou superior a 5 puntos a cualificación numérica final será a que resulte de aplicar o redondeo.

En casos excepcionais, poderá pedírselle ós alumnos que traian resoltos no día e hora da proba extraordinaria unha serie de exercicios propostos de reforzo. De ser así, ditos

exercicios entregaranse antes de entrar ao exame extraordinario e non se admitirán baixo ningunha circunstancia noutro momento. Estes exercicios suporían un 10% da nota da proba extraordinaria e o 90% restante sería o exame. Posteriormente aplicaríanse os criterios de cualificación mencionados no parágrafo anterior.

Se esta proba non puidera facerse de xeito presencial, realizaríase a través da aula virtual, e os exercicios de reforzo propostos deberían ser entregados en calquera momento antes do exame.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Teranse en conta os seguintes indicadores de logro:

- Cumpriuse o previsto na programación.
- Adecuáronse debidamente as unidades didácticas ó nivel de coñecementos dos alumnos e ós seus intereses.
- Acadouse un clima de aula axeitado no que o alumnado se atopa cómodo coa materia, o profesor e os compañeiros/as.
- Conseguiuse que os alumnos participaran activamente nas clases.
- Conseguiuse a implicación das familias na aprendizaxe dos alumnos.
- Conseguiuse implicar ós alumnos na conservación e mellora da contorna dende a materia de Física e Química e Ciencias Aplicadas.
- Acadouse un bo entendemento con materias afíns á Física e Química (como Bioloxía e Xeoloxía, Matemáticas, Tecnoloxía), de xeito que certos aprendizaxes se puideron realizar nunha contorna de interdisciplinariedade.
- O proceso de ensino desta materia foi ben entendido polos pais/nais, titores/as,...
- Houbo unha eficaz coordinación entre esta materia e a equipa directiva do centro de cara a organización de actividades que puideran repercutir no bo funcionamento do centro (excursións, proxectos,...).
- Acadouse o éxito esperado coas medidas de atención á diversidade (se as houbo que tomar).
- Acadouse con éxito o tratamento dos temas transversais.
- Fomentouse debidamente o tratamento das TIC conseguindo que os alumnos se motivaran e relacionaran a materia coas novas tecnoloxías.
- Acadouse con éxito o fomento da lectura dende a materia de Física e Química.

- Funcionaron ben as relacións dentro do departamento e con outros departamentos.

Este indicadores poden **avaliarse nunha rúbrica como a seguinte:**

Indicador	Logrado totalmente	Logrado parcialmente	Logrado mínimo esixible	Non logrado

RÚBRICA PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE				
Indicador de logro	Logrado totalmente	Logrado parcialmente	Logrado co mínimo esixible	Non logrado
Cumpriuse o previsto na programación.				
Adecuáronse debidamente as unidades didácticas ó nivel de coñecementos dos alumnos e ós seus intereses.				
Acadouse un clima de aula axeitado no que o alumnado se atopa cómodo coa materia, o profesor e os compañeiros/as.				
Conseguiuse que os alumnos participaran activamente nas clases.				
Conseguiuse a implicación das familias na aprendizaxe dos alumnos.				
Conseguiuse implicar ós alumnos na conservación e mellora da contorna dende a materia de Física e Química.				
Acadouse un bo entendemento con materias afíns á Física e Química (como Bioloxía e Xeoloxía, Matemáticas, Tecnoloxía), de xeito que certos aprendizaxes se puideron realizar nunha contorna de interdisciplinariedade.				
O proceso de ensino desta materia foi ben entendido polos pais/nais, titores/as,...				
Houbo unha eficaz coordinación entre esta materia e a equipa directiva do centro de cara a organización de actividades que puideran repercutir no funcionamento do centro (excursións, proxectos,...).				
Acadouse o éxito esperado coas medidas de atención á diversidade (se as houbo que tomar).				
Acadouse con éxito o tratamento dos temas transversais.				
Fomentouse debidamente o tratamento das TIC conseguindo que os alumnos se motivaran e relacionaran a materia coas novas tecnoloxías.				
Acadouse con éxito o fomento da lectura dende a materia de Física e Química.				
Funcionaron ben as relacións dentro do departamento (neste caso trátase dun departamento unipersonal) e con outros departamentos.				

*Nos ocios da táboa poden engadirse outros indicadores que se considere pertinente e que non se contemplaran nesta programación.

Simultaneamente levarase un rexistro do cumprimento sobre a temporalización e os procedementos e instrumentos de avaliación dos diferentes estándares de avaliación en cada grupo clase. A xeito de exemplo:

Estándar de aprendizaxe	Temporalización			Procedementos e instrumentos de avaliación	Modificacións nos procedementos e instrumentos de avaliación (se fose o caso)	
Bloque 1. A actividade científica	1º trimestre					
	Previsto na programación	Tempo real necesitado				
		3A	3B	3C		
FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.	0,5 sesión				Observación en clase. Control de avaliación.	
FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.	1 sesión e traballo persoal (en casa)				Proxecto individual (informe). Observación en clase. Controles de traballo diario. Control de avaliación.	

Tamén se pode considerar a posibilidade de realizar un cuestionario de opinión do alumnado para valorar certos aspectos do ensino como se o profesor/a explica de xeito claro, amosa un bo coñecemento da materia que imparte, é motivador, fomenta a participación dos alumnos en clase, é próximo e está dispoñible para os alumnos que teñen dúbidas,... A realización deste cuestionario valorarase ó longo do curso e terase en conta a pertinencia tras consultar á dirección e o Departamento de Orientación do centro.

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Para a recuperación da materia pendente de Física e Química de 2º ESO e 3º ESO, o departamento convocará ó alumnado coa materia pendente a unha reunión na que se lles entregará unha serie de exercicios de repaso que deberán entregar resoltos no prazo

estipulado. Estableceranse unha serie de datas para titorías, resolución de dúbidas ou calquera problema relacionado coa recuperación da materia. Estas datas serán establecidas nas primeiras semanas do curso, en función do horario do alumnado e do profesorado e seranlles facilitadas ó alumnado coa materia pendente e simultaneamente ó titor e a xefatura de estudos.

Os Criterios de avaliación para os alumnos coa Física e Química pendentes (que non hai no presente curso) son os seguintes :

1. Será obrigatorio presentar debidamente realizados os boletíns de exercicios que o Departamento entregue ó alumnado coa materia pendente. Deberanse entregar as fotocopias cos exercicios propostos e as súas solucións en boas condicións e no prazo estipulado. Non se aceptarán rotos, dobrados,... nin exercicios entregados fora de prazo.
2. Non se aceptarán boletíns con preguntas sen resolver, sen a fotocopia das preguntas ou en mal estado. Todas as preguntas deberán contestarse en folios e non no propio boletín de exercicios a menos que se indique o contrario. As dúbidas poderanse formular durante o prazo de realización.
3. O alumno terá dúas oportunidades para superar a totalidade da materia. Se o alumno supera a primeira proba quedará exento de presentarse á segunda. Se non supera a materia na primeira oportunidade ou non se presenta á proba, terá unha segunda oportunidade en maio.
4. Informarase ao alumno con antelación dos contidos a traballar en cada unha das partes na que se dividirá a materia e a continuación iránselle entregando os boletíns que debe traballar e posteriormente entregar.
5. No caso de non entregar os exercicios nas datas que sinala o Departamento por causa inxustificada, que o Departamento valorará, os alumnos perderán o dereito de realizar os exames parciais.
6. Os boletíns de exercicios copiados serán cualificados con cero puntos e o alumnado implicado perderá o dereito a realizar as probas parciais.
7. Os exercicios puntuarán un 20% da nota e o exame un 80%. Para considerar a materia recuperada deberase acadar unha puntuación final mínima de 5 puntos sobre 10.
8. Se o alumno (que deba presentarse) non comparece en ningunha das citadas oportunidades, implicará unha avaliación negativa da materia na respectiva convocatoria.
9. A avaliación da materia estará baseada nos criterios de avaliación mínimos.

Datas das probas:

No momento de redactar esta programación non están fixadas as datas que serán comunicadas ós alumnos con tempo suficiente e seguindo as instrucións da dirección do centro, se procede.

10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Realizarase unha avaliación inicial para analizar o nivel de coñecementos e os conceptos previos que ten o alumnado. Esta avaliación inicial realizarase de forma máis detallada ó comezo do curso. Para esta avaliación inicial poden deseñarse probas específicas ou probas máis xerais de carácter oral, pequenas probas de cálculo,.... Ao comezo de cada unidade esta avaliación inicial poderase realizar de forma máis breve, incluso sen necesidade de facer probas escritas, directamente mediante preguntas e debates por parte da profesora.

No caso de detectarse déficits graves no nivel de coñecementos ou adquisición dos mesmos, proporase ao alumnado afectado para un posible reforzo ou adaptación curricular, consultado o Departamento de Orientación e en colaboración co mesmo.

11. Medidas de atención á diversidade.

Partindo de que no grupo non se aprecian necesidades educativas de carácter significativo, como medidas de atención á diversidade propóñense actividades de reforzo e ampliación.

No suposto de presentarse necesidades educativas de carácter significativo realizaranse as oportunas medidas de atención á diversidade (curriculares ou organizativas) en coordinación co Departamento Didáctico e baixo o asesoramento do Departamento de Orientación.

A modo de exemplo, pódense facer actividades de recuperación, reforzo e actividades de ampliación:

- Recuperación: dependerá das dificultades atopadas. Fichas de resolución de problemas de paso a paso.
- Reforzo: encher un mapa conceptual incompleto (3 grados de dificultade). Traballos para casa, fichas para os alumnos.
- Actividades de Ampliación: recorte de prensa / artigo histórico, resumo do texto, ideas principais, comentario de texto, exercicios etc.

12. Concreción dos elementos transversais.

Os temas transversais están encamiñados a paliar algúns dos efectos negativos que, xunto con outros de gran validez, herdamos da cultura tradicional. Non deben tratarse como novos contidos a engadir aos xa existentes, polo que deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

A forma máis correcta de abordar os temas transversais é a de consideralos como un dos posibles eixes en torno ao cal xire a temática das materias curriculares. É dicir, débense enfocar como algo necesario para vivir nunha sociedade como a nosa.

Íranse aplicando en cada bloque ou unidade no momento no que o profesorado o considere oportuno, aproveitando aquelas cuestións e problemas, que se prestan a debate e que gardan relación cos distintos temas transversais que se poden presentar no desenvolvemento da unidade didáctica, ou ben vir relacionado por noticias ou feitos ocorridos na contorna do alumnado. Os obxectivos dos temas transversais describímolos a continuación.

- **Educación do consumidor**, os seus obxectivos son:
 - Adquirir esquemas de decisión que consideren todas as alternativas e os efectos individuais, sociais, económicos e medioambientais.
 - Desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, así como dos dereitos do consumidor e as formas de facelos efectivos.
 - Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.
- **Educación non sexista**, os seus obxectivos son:
 - Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
 - Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
 - Adquirir habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non. Consolidar hábitos non discriminatorios.
- **Educación ambiental**, os seus obxectivos son:

- Adquirir experiencias e coñecementos suficientes para ter unha comprensión dos principais problemas ambientais.
 - Desenvolver conciencia de responsabilidade respecto do medio ambiente global.
 - Desenvolver capacidades e técnicas de relacionarse co medio sen contribuír ao seu deterioro, así como hábitos individuais de protección do medio.
- **Educación vial**, os seus obxectivos son:
- Sensibilizar ós alumnos e alumnas sobre os accidentes e outros problemas de circulación.
 - Adquirir condutas e hábitos de seguridade vial como peóns e como usuarios de vehículos.
- **Educación para Europa**, os seus obxectivos son:
- Adquirir unha cultura de referencia europea en xeografía, historia, linguas, institucións, etc. Preparar para a cooperación cívica, tecnolóxica e profesional entre os europeos.
- **Ciencia, tecnoloxía e sociedade**, os seus obxectivos son:
- Sensibilidade e respecto polas diversas formas de coñecemento técnico e actividade manual e interese pola conservación do patrimonio cultural técnico.
 - Interese por coñecer o papel que desempeña o coñecemento tecnolóxico en distintos traballos e profesións e orientación vocacional e profesional.
- **Educación para a saúde**, os seus obxectivos son:
- Comentar hábitos de hixiene e benestar físico e mental.
 - Valorar a prevención como o xeito máis útil de salvagardar a saúde, evitando adquirir hábitos e estilos de vida que a prexudiquen.
- **Educación para a paz e dereitos humanos**, os seus obxectivos son:
- Rexeitar os usos verbais e non verbais orientados á persecución ideolóxica ou a imposición de ideas ou hábitos non desexados.
 - Conxugar os diferentes intereses para alcanzar unha sociedade democrática, solidaria e participativa onde a solución de conflitos se alcance a través do diálogo.
 - Comprender as teorías e os modelos físicos e químicos doutras épocas e valorar a súa achega á resolución dos problemas do mundo actual.

- Valorar criticamente como inflúen os avances científicos na tecnoloxía. Apreciar a importancia das decisións humanas no uso adecuado ou non dos avances científicos.
- **Educación para a convivencia**, os seus obxectivos son:
 - Sensibilidade, apertura e flexibilidade ante as distintas achegas e ideas doutras persoas.
 - Utilizar o diálogo e o consenso como vía de solución de conflitos.
- **Educación para a igualdade de oportunidades**, os seus obxectivos son:
 - Rexeitar as desigualdades sociais provocadas polo lugar de nacemento ou de residencia, a contorna social, etc.
 - Fomentar a responsabilidade moral, solidariedade e tolerancia.
- **Educación multicultural**, os seus obxectivos son:
 - Desenvolver un espírito de tolerancia, respecto e valoración crítica de actitudes, crenzas, formas de vida, etc. de persoas ou grupos pertencentes a sociedades ou culturas diferentes da nosa.
 - Espertar o interese por coñecer outras culturas e indagar nas súas particularidades.

13. Actividades complementarias e extraescolares.

Contemplanse as seguintes posibilidades se a excepcionalidade do presente curso o permitira:

- 2º ESO: visita aos museos científicos coruñeses: Casa das Ciencias (co planetario), DOMUS e MUNCYT.
- 3º ESO: visita á feira Galicia en Tecnopole (Ourense). Asistencia a actividades organizadas pola fundación Barrié. Conferencia orientativa por parte dun poñente da universidade.
- 4º ESO: visita ao centro de investigación CICA da Coruña. Actividades de Educación Ambiental no centro ou contorna. Asistencia a actividades organizadas pola fundación Barrié. Conferencia orientativa por parte dun poñente da universidade.

A temporalización destas actividades queda pendente dos horarios e dispoñibilidade das instalacións a visitar así como de aspectos organizativos do centro.

Dadas as características das visitas plantexadas, estas actividades poderanse organizar conxuntamente con outros departamentos de ciencias (Bioloxía e Xeoloxía, Matemáticas, Tecnoloxía), xa que poden ser relevantes para as materias impartidas por ditos departamentos.

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Tendo en conta os resultados da aplicación da rúbrica mencionada no apartado 13 desta programación (Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente) e da aplicación da enquisa ó alumnado (se se considera pertinente facela e contando co permiso da Dirección do centro), dende o Departamento de Física e Química estableceranse os mecanismos de revisión da programación axeitados para mellorar os aspectos non acadados ou acadados de xeito pouco notable á vista da rúbrica de avaliación do ensino.

As medidas poden ter que ver con aspectos académicos (axeitada temporalización dos estándares de aprendizaxe, axeitado proceso de avaliación dos estándares,...), de actitude por parte do profesorado da materia, ... pero a priori resulta imposible predicir o resultado e, por tanto, as medidas a tomar (reestruturar a disposición dos alumnos en clase, traballar máis ou menos no laboratorio, realizar máis ou menos actividades de cálculo ou prácticas, ...).

15. Tratamento e fomento da lectura.

De acordo co establecido no anexo V do Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no marco da Lei orgánica de educación, o Departamento de Física e Química vai fomentar a lectura entre o seu alumnado, para o cal se suxerirán diferentes lecturas de libros, revistas, ou recortes de prensa, dependendo das existencias no centro de ensino.

O plan de lectura defínese como un plan global que forma parte do PEC e que considera a lectura-escritura como ferramentas imprescindibles da aprendizaxe .

Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión.

Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

“O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura”.

Seguimento e avaliación.

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

Con estas premisas, as propostas para este curso son as seguintes:

- Ademais dos exercicios de comprensión lectora que figuran nas materias curriculares na aula, poderán traballarse textos agrupados baixo o denominador común de “Ciencia” e que poderán ser seleccionados dos libros dispoñibles na Biblioteca do CPI de Xanceda, de publicacións electrónicas, ou revistas de divulgación científica. Tamén se poderán ler textos xornalísticos nos que se comenten novidades nos campos da Ciencia e a Tecnoloxía e as súas implicacións socioeconómicas e medioambientais.
- Ó final da lectura, poderá pedírselles ós alumnos que desenvolvan algunha actividade relacionada coa lectura como resumen, presentación pública, etc. que poderá formar parte da cualificación do trimestre no apartado correspondente a traballos e investigacións.

- **Textos recomendados:**

4º de ESO:

* “Historia del Tiempo” de Stephen W. Hawing

* “Biografía de la Física” de George Gamow.

3º y 2º de ESO:

* “Breve Historia de la Química”, “El Universo”, “Cien Preguntas Básicas sobre la Ciencia” e outros textos cuxo autor sexa tamén Isaac Asimov.

16. Contidos interdisciplinares.

Os contidos interdisciplinares que se poden abordar dende a materia de Física e Química, poden ser, entre outros:

- Contidos de **Matemáticas**: A Física e a Química recibe das matemáticas o seu simbolismo e o soporte da álgebra, xeometría, trigonometría, cálculo diferencial e integral, representacións gráficas...
- Contidos de **Tecnoloxía**: compartimos procedementos (realización de proxectos, investigacións bibliográficas...) así como as actitudes de valoración do traballo en equipo. Ademais compartimos contidos conceptuais relacionados coa electricidade e electrónica, materiais, etc.
- Contidos de **Bioloxía**: A Química comparte coa Bioloxía os contidos da Química Orgánica e os procedementos á hora da realización das prácticas de laboratorio así como o traballo en grupo. Ademais as dúas materias proporcionan os coñecementos necesarios para entender as implicacións medioambientais da actividade humana.
- Contidos de **Linguas**: A lingua como vehículo de comunicación. Ademais trataremos de manexar material bibliográfico e de consulta en galego, en castelán e en inglés.
- Contidos de **Informática**: A elaboración de traballos implica a utilización de ferramentas informáticas (ofimática: procesador de textos, bases de datos, follas de cálculo). Empregaremos a INTERNET como fonte de información e de consulta.

- Contidos de **Historia, Filosofía e Economía**. Os avances científicos deben estar contextualizados no marco socioeconómico no que se desenvolven para entender as súas implicacións. É necesario reflexionar sobre as relacións entre Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade.

17. Tratamento e fomento das TIC.

Dacordo co establecido no anexo VI do Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no marco da Lei orgánica de educación, o Departamento de Física e Química vai fomentar entre o seu alumnado o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación coa finalidade de que estas se incorporen como un recurso máis ós procesos de ensino-aprendizaxe. Desta maneira, contribuírase para que ó rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital.

En xeral, a aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ó traballo da aula utilizarase para que o alumnado desenvolva habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, é dicir, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

O profesorado do Departamento de Física e Química proporcionará información sobre páxinas web que sexan de interese para a materia, de modo que os alumnos poidan realizar consultas autónomas sobre dúbidas, buscar información para o desenvolvemento de certos traballos, etc. Así mesmo, fomentarase que os alumnos nas memorias das practicas de laboratorio usen procesador de texto.

Máis en concreto, algúns dos obxectivos xerais son:

- ✓ Utilizar o ordenador/tablet como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- ✓ Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- ✓ Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- ✓ Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- ✓ Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ó aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.

- ✓ Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotiá e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- ✓ Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- ✓ Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
- ✓ Lograr a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con tódolos axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.

Tendo en conta estes principios, dende o Departamento, propóñense as seguintes iniciativas:

- ✓ Uso da páxina Web do centro como plataforma de comunicación e de consulta de información por parte do profesorado e o alumnado. Para facilitar a tarefa do alumnado á hora de buscar información en internet sobre un tema, é conveniente ofrecerlles enlaces adecuados que lles permitan concretar e non perderse na gran extensión da rede.
- ✓ Integración nas actividades de aula das TIC. Por exemplo, na exposición maxistral usando presentacións informáticas (sempre e cando o material informático dispoñible no centro o permita) e software de simulación. Será moi útil para a realización de prácticas virtuais.
- ✓ Utilización de recursos audiovisuais e de medios en soporte informático
- ✓ Estudo e análise de situacións reais que se coñecen a través dos medios de comunicación. Fundamentalmente introducindo artigos de prensa escrita ou acudindo a direccións na Web. Procurarase tamén neste contexto a introdución de temas transversais relacionados con educación para a saúde, coñecemento e conservación do medio físico, o tráfico, etc.

18. Notas.